



Concello de Vigo
Expte. 3634/1101

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. Núm. 18

CONVOCATORIA

DECRETO DE CONVOCATORIA.

Sen prexuízo da asistencia telemática de aqueles concelleiros e concelleiras que por embarazo, maternidade, paternidade ou enfermidade grave decidan a súa asistencia nesa condición (artigo 60.5. do Regulamento Orgánico Pleno), convócase sesión pública do Pleno da Corporación do Excmo. Concello de Vigo para celebración de sesión **ORDINARIA**, ás **NOVE HORAS** do día **30 de novembro**.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 26 de outubro, extraordinaria do 9 de novembro e extraordinaria do 18 de novembro.
- 2. Declaracións institucionais.**
2. Intervención de Dona Concepción Regueiro Digón, da asociación "Asociación Mulleres Progresistas", colectivo integrante do Consello Municipal da Muller para expoñer o texto proposto con motivo do día 25 de novembro "Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres". Expte. 11886/224 (Expte. Pleno 3636/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo 3634-1101	Data impresión: 28/11/2022 09:06 CSV: ABA9BE-5421AB-E1E55C-QP93HR-ZDTKYC-FD	Páxina 1 de 3
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ditames das comisións informativas:ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Dar conta do Estado de Execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2022, así como do movemento de tesourería por operación orzamentarias e non orzamentarias. Expte. 230/143.(Expte. Pleno 3632/1101)

Mocións:

- 4.** Moción do concelleiro membro non adscrito, demandando máis recursos para o combate das violencias machistas. Expte. Pleno 3642/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal Mixto por un compromiso total do Concello de Vigo na construción dunha cidade libre de violencias machistas en todos os espazos, públicos e privados. Expte. Pleno 3640/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao Goberno de España a que adopte as medidas encamiñadas á conxelación das peaxes na autoestrada estatal AP-9, similares ás que adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas. Expte. Pleno 3635/1101.
- 7.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia que dote a Vigo dun Punto de Encontro Familiar digno, seguro e amplo que de seguridade e benestar aos menores e as súas familias, segundo a súa Lei 11/2007. Expte. Pleno 3643/1101
- 8.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a publicar os criterios obxectivos de reparto entre os concellos dos fondos asignados a Galicia para políticas sociais, seguindo as directrices do Goberno de España. Expte. 3644/1101.
- 9.** Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Presidente da Xunta de Galicia a explicar publicamente o intento da Xunta de Galicia de deixar a Vigo fora do Proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística de Vigo, intento frustrado polo Goberno de España e a FEGAMP. Expte. Pleno 3645/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/11/2022 09:06	Páxina 2 de 3
3634-1101	CSV: ABA9BE-5421AB-E1E55C-QP93HR-ZDTKYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PARTE DE CONTROL

- 10.** Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 20.10.22 ao 21.11.22. Expte. 1326/1102 (Expte. Pleno .3637/1101).
- 11.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 20.10.22 ao 21.11.22. Expte. 1326/1102 (Expte. Pleno 3638/1101).
- 12.** Dar conta da Resolución de Alcaldía, de data 31.10.2022, de delegación da competencia para a fixación dos servizos mínimos no suposto de folgas que afecten aos servizos públicos que presta o Concello de Vigo e o seu Organismo Autónomo, agás as relativas ao persoal empregado público. Expte. 598/1102 (Expte. Pleno 3639/1101).
- 13. Formulación de rogos.**
- 14. Formulación de preguntas.**

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público na páxina web municipal ós efectos de información.
am

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

Ante min, o secretario xeral do Pleno
José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/11/2022 09:06	Páxina 3 de 3
3634-1101	CSV: ABA9BE-5421AB-E1E55C-QP93HR-ZDTKYC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		